

CIRCULAR 237

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

XULLO / AGOSTO 2012



XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



Concepción Fernández Fernández

Secretaria



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Empleo / Responsable da Biblioteca



Miguel A. Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa e Correspondente de Infocop



Antonio González Fernández

Vogal / Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Vogalía de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Vogalía de Formación

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 238 de setembro/outubro de 2012,
e sairá a principios do mes de novembro de 2012.
A información terá que ser remitida como data límite
o 15 de outubro.

ÍNDICE

- 5 **Información Xeral**
- 8 **Información das Seccións**
- 13 **Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)**
- 17 **Últimos Colexiados e Colexiadas de Galicia**
- 18 **Comisión de Ética e Deontoloxía**
- 19 **Cursos, Xornadas e Congresos**

Editorial

Indignación

A indignación ten a súa orixe na emoción máis radical, a rabia ou ira. Sobre a base emocional, case enerxética, da rabia constrúese a idea máis racional e filosófica, de indignación moral. Manifestábase cando recoñecemos que o sufrimento ou malestar está causado ou ten responsables externos claramente identificables.

Na situación actual, as fontes de sufrimento son evidentes porque danan directamente o benestar e as expectativas persoais e sociais dun futuro máis prometedor: dificultades para cubrir as necesidades de seguridade máis elementais como emprego, vivenda, saúde ou educación. Mais tamén vai en aumento a toma de conciencia de que esta situación ten unha orixe causal e responsables claros, que escapan ao control individual: un modelo económico-financieiro, que abandonou a súa dimensión humana, social e cidadá.

Se a rabia provocada por este malestar e a falta de expectativas se combina cunha clara atribución e localización de responsables poñémonos nun escenario de indignación moral dirixida a aqueles que por acción (finanzas e banca) ou por omisión (política) provocan e permiten a actual situación de inxustiza social que percibe e padece unha importante parte da cidadanía.

Cando este verán vemos como arden os nosos montes, como se sementan dúbidas e se atrasan as axudas ás persoas desempregadas, se elimina de feito á dotación para a atención ás persoas dependentes, se desmantelan os servizos sociais comunitarios,

AVISO

Unicamente se envían as comunicacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia por correo electrónico.

Se aínda non facilitaches un enderezo de correo electrónico para recibir a correspondencia do COPG por e-mail, pregámosche que a fin de enviarche dita información nos facilites o teu correo electrónico á maior brevidade posible, senón NON poderás recibir información do Colexio.

o centro de saúde ou a escola do noso pobo, ao tempo que, se invisten cantidades inxentes en rescatar e recapitalizar o sistema bancario ou seguen a crecer os intereses aos que se paga a débeda dos Estados. O que sentimos é indignación moral.

Indignación moral que diriximos cara os responsables da situación, principalmente os políticos, porque son os que lexitimamente deben salvagardar os intereses e o benestar de quen os elixe. E tamén porque, son a política e os políticos, mal que ben, os únicos actores neste escenario que son recoñecibles e dan a cara diante do público. Os responsables da dirección de escena permanecen ocultos, detrás do telón, dirixindo a representación. Por iso, non quixeramos caer na demagogia máis doada e interesada, que proxecta a indignación e carraxe, individual e colectiva, cara a política e os políticos, mentres quedan intactos os responsables últimos da función. A situación é o suficientemente complexa e radical como para quedarse só cunha visión superficial da mesma, sen analizar o papel e posición que cada quen desenvolve, os por que e sobre todo os para que, agora e no futuro próximo.

Se o medo e desesperanza, provocan indefensión e impotencia, a indignación moral xunto coa percepción de inxustiza son para as aproximacións psicosociais dos Marcos de Acción Colectiva as bases da mobilización social e política. A indignación moral é o pilar emocional no que se sustenta a enerxía dos diferentes movementos e accións sociais que están aparecendo para ocupar os espazos públicos, recuperar valores e discursos sobre ética e democracia, participación social e cidadanía, que abren novos horizontes nestes tempos escuros que nos toca vivir. Mais outra vez, este será tema para reflexión nunha próxima editorial, que é tamén un marco para a reflexión, análise e expresión do noso colexio profesional.

AVISOS

Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

Títulos de Licenciatura en Psicología

Lembrámoslle a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de licenciatura e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro. Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para archivar no seu expediente colexial.

Relacións institucionais

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á Asemblea Xeral Ordinaria, á Convocatoria Permanente e ao Pleno da Xunta Directiva de Unión Profesional de Galicia o pasado 5 de xullo e celebrados no Centro Libredón en Santiago de Compostela.

En representación do Colexio



Miguel A. Chouza Ponte

O Tesoureiro do COPG, Miguel A. Chouza Ponte, mantivo unha reunión na sede do Colexio con Ana Suárez Martínez, Psicóloga do Servizo de Xestión de Penas e Medidas Alternativas do CIS Carmela Arias e Díaz de Rábago da Coruña, e as Psicólogas que viñeron participando no proxecto piloto de intervención con homes que exercen a violencia de xénero, desenvolvido en colaboración do COPG e do devandito Servizo dependente da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias do Ministerio do Interior. Nos últimos doce meses completaron a intervención con catro grupos, dous na cidade de Santiago de Compostela e outros dous na Coruña, e douse por finalizado ata que se acade a subvención económica do mesmo.

O Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG, Xavier Sardiña Agra asistiu ao Consello Galego de Saúde o 2 de xullo celebrado na Escola Galega de Administración Sanitaria en Santiago de Compostela.



Xavier Sardiña Agra

Xavier Sardiña Agra, Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG mantivo o 12 de xullo unha reunión co Xerente do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, Alfredo García Iglesias, para tratar o tema do labor dos psicólogos e psicólogas clínicas na área da Coruña.

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto co Presidente da Sección de Psicología Clínica do Colexio, Xavier Sardiña Agra, mantiveron unha reunión o pasado 17 de xullo, con Carmen Senra Rivera e Socorro Rodríguez Holguín, ambas membros do Departamento de Psicología Clínica e Psicobiología da Universidade de Santiago de Compostela, coa fin de coñecer e facer suxestións desde o COPG ao borrador do máster en psicología da saúde da USC.



M^a Rosa Álvarez Prada

A Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, mantivo o 23 de xullo unha reunión co Concelleiro de Mobilidade, Seguridade Cidadá, Tráfico, Grúa e ORA do Concello de Santiago de Compostela, Albino Vázquez Aldrey, na que trataron sobre temas relacionados coa seguridade viaria escolar en Santiago de Compostela.



Eva Muíño Gómez

A Presidenta da Sección de Psicología da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu á reunión do Espazo Dialoga o pasado 27 de xullo na sede do Colexio Oficial de Educadores e Educadoras de Galicia.



M^a Jesús López Cernadas

O COPG e o Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos

A Presidenta da Sección de Psicología Educativa do COPG, Olegaria Mosqueda Bueno, asistiu á reunión da Área de Psicología Educativa do Consejo General de COP, que se celebrou o 30 de xuño en Madrid.



Olegaria Mosqueda Bueno

AVISO

Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

As persoas interesadas a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.

Sinatura de Convenio de Colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia asinou, no mes de agosto, coa Universidade de Santiago de Compostela un convenio para a organización e desenvolvemento dun Curso sobre o Código Deontolóxico que deberá recibir o alumnado do Prácticum do Grado en Psicoloxía, con carácter previo á súa incorporación aos centros nos que vaian a desenvolver as prácticas. Dito curso será impartido pola Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG.

Medios de Comunicación

❑ A Coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero (PAPMVX) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Rocío Trastoy García, participou nunha entrevista convocada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, o pasado 1 de agosto, para falar sobre o PAPMVX.

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=2 e www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=3.

PUBLICIDADE

 HOMOLOGADO POLA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ASOCIACIONES DE TERAPIA FAMILIAR EFTA, MEMBERSHIP	PSICOESTUDIO KARMA Telf: 986 295 621 Telf: 986 471 439 Aptdo. de Correos 1621 Vigo e-mail: psicoestudio@psicoestudio.com www.formacioncambiovigo.com	equipo de formación e supervisión: José Manuel González Alonso Celia Cameselle Taboada José Antonio Muñiz Torrado Manuel Lopo Lago
	Grupos reducidos Seminarios con especialistas Prácticas in vivo supervisadas Horarios e contidos adaptados ao alumno/a ou profesional interesado/a	colaboradores asociados: Emilio Gutiérrez García (Unidade Venres Clínico Universidade Santiago de Compostela) José Luis Rodríguez-Arias Palomo (Complejo Hospitalario Universitario A Coruña, C.H.U.A.C.)



SECCIÓN DE PSICOLOGÍA CLÍNICA

Curso de terapia familiar

O pasado 22 e 23 de xuño, cunha asistencia de 50 profesionais, tivo lugar no Salón de Actos do Hospital Marítimo de Oza (A Coruña) o Curso “Terapia familiar con adolescentes. ¿Como crear alianzas terapéuticas con clientes/as obrigados/as, reticentes, ausentes ou en conflito?”. Foi impartido por **Valentín Escudero Carranza**, Profesor Titular do Departamento de Psicología da Universidade da Coruña, e coordinado por **Áurea Losada Quinteiros**, Vogal da Xunta Directiva da Sección.

Mediante exercicios prácticos traballáronse as estratexias e habilidades de manexo terapéutico a través da formulación dun modelo de psicoterapia familiar baseada na creación dunha alianza terapéutica co menor e a familia.

Formación

□ De outubro de 2012 a xuño de 2013 terá lugar o Curso “Formación en Psicología Sanitaria”. Este curso de 400 horas ten como obxectivo a formación nas destrezas básicas para o exercicio da profesión no ámbito sanitario e será impartido por **José Eduardo Rodríguez Otero**, Psicólogo Clínico e Terapeuta Familiar no Centro de Psicoterapia Agarimo de Pontevedra e da Academia Perserver de Barcelona; **Daniel Latorre Rodríguez**, Psicólogo Clínico e Terapeuta Familiar do Centro Médico “El Carmen” de Ourense e da Policlínica Exterior Povisa de Vigo; **Raquel Espantoso San José**, Psicóloga Clínica do Centro de Psicoterapia Agarimo de Pontevedra; **Isabel Figueroa Matallín**, Psicóloga Clínica, Psicoterapeuta e Experta en intervención sistémica; **Mercedes Fernández Cabana**, Psicóloga Clínica, Máster en intervención en psicoterapia e Experta en programas de intervención familiar; **Ignacio Dopico González** e **Marta Bouzas Lameiro**, ambos Psicólogos Clínicos. Podedes atopar máis información deste curso no enlace www.copgalicia.es/pdf/Curso_Formacion_en_psicologia_sanitaria.pdf.

INFORMACIÓN DAS SECCIONS

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.



Valentín Escudero Carranza

De acordo coa normativa vixente, a colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión, e en consecuencia as persoas que non estean colexiadas non poderán exercer como psicólogos e psicólogas.

□ Tense previsto celebrar o 19 e 20 de outubro en Vigo o Curso “Violencia filio-parental”. Será impartido por **Manuel S. Lopo Lago**, Terapeuta do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero do COPG, e coordinado por **Rosa Cerqueiro Landín**, Secretaria da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Clínica.

□ No mes de xaneiro de 2013 prevense realizar o Curso “Medos, fobias e terrores infantís”. Será impartido en Pontevedra por **Teba Gurpide Laspalas** e **Raquel Espantoso San José**, ambas Psicólogas no Gabinete Agarimo en Pontevedra.

Xornadas da Sección

No mes de novembro celebraranse en Santiago de Compostela as XVII Xornadas de Psicoloxía Clínica do COPG. Nelas analizaremos as implicacións que os novos cambios na lexislación sanitaria teñen na profesión a nivel formativo, institucional e na práctica profesional. Esperamos poder adiantarvos o programa en vindeiras datas.

Revista oficial da Sección

Os Anuarios de Psicoloxía Clínica publicados ata o momento pódense consultar no apartado de publicacións da Sección de Psicoloxía Clínica na páxina web do COPG no enlace www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=40.

Nos vindeiros números haberá un apartado de casos clínicos. Querémosvos animar a que nos fagades chegar os vosos traballos para a súa publicación en formato word a través do correo electrónico do Colexio, indicando que vai dirixido ao Anuario da Sección de Psicoloxía Clínica.



Último número publicado

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Clínica da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=36



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Foro sobre as tecnoloxías da información e comunicación en RR.HH.

Con motivo da celebración do I Encontro Anual Territorial de representantes de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e Recursos Humanos, tivo lugar na sede do Colexio o 8 de setembro o Foro “As TIC e a súa aplicación no ámbito dos Recursos Humanos”, coas seguintes intervencións:

- *Conferencia inaugural “Nova norma ISO 10667: Avaliación de persoas en contextos laborais”*
José Muñiz Fernández. Catedrático de Psicometría da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Oviedo.

- *Mesa redonda do foro:*
“Selección baixo demanda”
Roberto Rodríguez González. Responsable da Área de Atracción de talento. R Cable y Comunicaciones.
“Empleado 3.0: Novos retos da psicoloxía do traballo”.
Javier Cantera Herrero. Presidente do Grupo BLC.

A presentación e apertura do evento foi a cargo de **Mª Rosa Álvarez Prada**, Decana do COPG, **Francisco Javier Sánchez Eizaguirre**, Coordinador da División PTORH do Consejo General de COP e **José Luis Domínguez Rey**, Coordinador da Sección de PTO do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.


Actividades da Sección

A partir do mes de outubro vindeiro, a Sección iniciará a planificación das actividades aprobadas na reunión celebrada o pasado 26 de xuño que abarcan o último trimestre do presente ano e o primeiro trimestre de 2013. Establecerase un calendario sobre debates, cursos e sesións de traballo que se dará a coñecer oportunamente. As temáticas son as seguintes:





- ❑ Sesións informativas sobre o ámbito profesional na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
- ❑ Sesión de traballo sobre a valoración psicotécnica nos perfís da policía local en os perfís dos mergulladores.
- ❑ Curso de formación sobre novas tecnoloxías da información en RR.HH.
- ❑ Seminario técnico: Saúde e benestar ocupacional.
- ❑ Nova edición dos debates profesionais PTO.
- ❑ Sesión de traballo do documento do Consejo General de COP sobre os criterios para o exercicio profesional do psicólogo experto en coaching.
- ❑ Colaboración para o desenvolvemento da Plataforma Interactiva de Comunicación da División PTORH.



Afiliación na División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos (PTORH)

A afiliación como membro ordinario da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos segue aberta sen data límite. Invítase aos colexiados e colexiadas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a inscribirse na mesma. Podes tramitar a túa inscrición no enlace www.cop.es/ptorh/.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=81.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Información

O vindeiro 29 de setembro terá lugar o II Seminario galego de psicoloxía da intervención social “Prever a dependencia: Pautas para un envellecemento activo” no Centro Sociocultural O Ensanche (Santiago de Compostela). Será impartido por **Rocío Fernández Ballesteros**, Catedrática Emérita da Universidad Autónoma de Madrid, **Rosalía Fernández Gómez**, Psicóloga do Centro

Recordando da Coruña e **Manuel Castro Bouzas**, Psicólogo do SERGAS no Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide-Nova Santos de Ferrol.

O obxectivo principal deste seminario é o coñecemento do significado de envellecemento activo pero tamén como potenciar o seu alcance previndo o deterioro cognitivo e a depresión.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=63.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

Formación

Tense previsto celebrar os días 9 e 10 de novembro un curso sobre informes no ámbito de familia. Este curso vai ser impartido por **Marta Rodríguez**, compañeira dos Xulgados de Madrid, coñecida por moitos polos seus libros publicados e os cuestionarios da súa autoría para asuntos de familia e para valorar diferentes aspectos nos fillos e fillas de parellas que acoden para a realización dun informe pericial.

Eleccións á Xunta Directiva

1 de setembro de 2012, sábado:

- ☐ Asemblea de Socios e Socias da Sección.
- ☐ Xornada electoral

10 de setembro de 2012, luns:

- ☐ Resolución pola Comisión Electoral sobre reclamacións e incidencias.
- ☐ Proclamación definitiva de resultados pola Comisión Electoral.
- ☐ Comunicación á Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía da Xurídica da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=219.

AVISO

Rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicoloxía Clínica

O COPG creou un rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicoloxía Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicoloxía Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todas aquelas persoas colexiadas que teñades acadado esta titulación do Ministerio e aínda non o presentastes no COPG, tedes que aportar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao voso expediente e quedar debidamente anotado no citado rexistro de especialistas. Para máis información contactar coa administración do COPG.

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

Formación

O 30 de novembro e 1 de decembro tense previsto celebrar o Curso sobre autocoidado. Será impartido por **Anabel González Vázquez**, Psiquiatra, Terapeuta EMDR, Psicodramatista, Profesora do Instituto de Terapia Familiar de Galicia e Coordinadora do Programa de Trauma e Disociación do Hospital Marítimo de Oza (A Coruña). O programa definitivo enviarase por correo electrónico en canto estea pechado.

Grupo de traballo de simulacros

As compañeiras que compoñen o grupo de traballo de simulacros finalizaron o documento que servirá de guía para a nosa participación en simulacros aéreos, que son para os que máis somos requiridos. Este documento estrutura os ámbitos nos que podemos colaborar sen ter que estar elaborando material a última hora, xa que normalmente avísannos con pouca marxe de tempo.

Lembramos que para este ou calquera outro simulacro no que sexa requirida a nosa participación terán sempre preferencia sobre o resto do GIPCE as compañeiras que están neste grupo de traballo.



Ana Isabel Martínez Arranz

Novo protocolo do Grupo de Apoio aos Intervinientes (GAI)

O día 30 de xuño tivo lugar a segunda reunión de traballo para a elaboración do novo protocolo de intervención do GAI á que asistiu tanto a Coordinadora do GIPCE, **Ana Isabel Martínez Arranz**, como varios membros do grupo. Como sabedes son os compañeiros e compañeiras que se encargan de velar polo noso benestar tras unha intervención e tamén encárganse de facer suxestións á Comisión Coordinadora de cara a un maior coidado de todos os integrantes do GIPCE.

O novo protocolo está practicamente rematado e esperamos que para o mes de setembro estea listo.

Participación no proxecto RIPE (Red Iberoamericana de Psicología de Emergencias)

O pasado 28 de xuño a Coordinadora do GIPCE, **Ana Isabel Martínez Arranz**, participou on-line na segunda reunión deste proxecto que se realizou en Madrid, xunto cos compañeiros de outros dez grupos de emerxencias doutros colexios, representantes doutros organismos e entidades que traballan no ámbito de emerxencias.

Este proxecto, que botou a andar o pasado mes de marzo, ten como obxectivo a creación dunha rede internacional de profesionais das emerxencias coa finalidade de promover o desenvolvemento científico e profesional da psicoloxía de emerxencias. Participan neste proxecto o Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos, a Federación Iberoamericana de Asociacións de Psicología (FIAP), a European Federation of Psychologist Associations (EFPA), e outras organizacións profesionais do ámbito das emerxencias.

Alertas e intervencións

Nos meses de xuño, xullo e agosto tivemos un total de 8 avisos do 112 sen intervención, unha alerta, unha intervención con activación de GIPCEs e un asesoramento telefónico para dar unha mala nova. Na intervención a coordinadora da mesma foi a compañeira que estaba de garda, **M^a Carmen González Hermo**, e a intervención foi realizada por **Emma Diéguez Teijeiro** e **Marcos Álvarez Fernández**. O asesoramento telefónico realizouno **Concepción López Martín**, que nesa semana se atopaba de Xefa de Garda.

Enlace ao apartado do GIPCE na páxina web do COPG:
www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=203.

AVISOS E ANUNCIOS

Este é un espazo gratuíto reservado para que os colexiados e colexiadas poidan inserir anuncios por palabras, sobre aluguer, compra-venta, ou para compartir despachos profesionais.

- Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.
- O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.
- Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: “Alúgase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m² na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000”.

ESTATUTOS PARA NÓS

DOS DEREITOS E DEBERES
DOS COLEXIADOS E COLEXIADAS

FUNCÍONS E FINS

DA ORGANIZACIÓN DO COLEXIO

DO VALEDOR DOS/AS
COLEXIADOS/AS

DO CONSELLO SOCIAL

OBRIGATORIEDADE DE
COLEXIACIÓN E DE INSCRICIÓN
NO REXISTRO DE SOCIEDADES
PROFESIONAIS

EXERCICIO PROFESIONAL

AS SECCIÓNS

DA PARTICIPACIÓN DOS/AS
COLEXIADOS/AS

DA COMISIÓN DE
ÉTICA E DEONTOLOXÍA

DO RÉXIME ECONÓMICO E
ADMINISTRATIVO

DO RÉXIME DISCIPLINARIO
E DE DISTINCIÓNS

SERVIZOS A COLEXIADOS E COLEXIADAS

www.copgalicia.es

PUBLICACIÓNS

- ❑ Circular Informativa
- ❑ Cadernos de Psicoloxía
- ❑ Papeles del Psicólogo
- ❑ Infocop
- ❑ Memoria

PROFESIÓN

- ❑ Quenda Informes Periciais
- ❑ Privado. Solicitude atención psicólogos/as
- ❑ Publicidade
- ❑ Distribución de ofertas formativas

EMPÉSTITO DE MATERIAL

Material de avaliación psicolóxica

FONDOS DOCUMENTAIS

- ❑ Servizo de biblioteca (COPG)
- ❑ Convenio coa biblioteca da Facultade de Psicoloxía da USC
- ❑ PSICODOC

INTERNET

- ❑ Conta de correo electrónico e acceso a través do servidor do COPG
- ❑ Páxina web do COPG

PROTEXDAT

Convenio en relación a servizos de consulta en cuestión de protección de datos de carácter persoal

ASESORÍAS

Servizo gratuíto de consulta para colexiados e colexiadas de asesoría fiscal e xurídica

FORMACIÓN – EMPREGO

- ❑ Programa formativo anual COPG
- ❑ Información laboral
- ❑ Información de convocatorias de oposicións

S-4 CORREDURÍA DE SEGUROS

- ❑ Desconto 50% no seguro de automóbil para colexiados e colexiadas e os seus familiares

SEGUROS MAPFRE

- ❑ Seguro de asistencia sanitaria para colexiados e colexiadas e as súas familias MAPFRE-Caja Salud
- ❑ Seguro colectivo de vida/accidentes para colexiados e colexiadas

CORREDURÍA DE SEGUROS BROKER'S 88

- ❑ Pólizas de seguro de responsabilidade civil profesional colectivo (Zurich)
- ❑ Seguro de asistencia sanitaria (ASISA)

ÚLTIMOS COLEXIADOS E COLEXIADAS DE GALICIA

G-0302	Rodríguez Martínez, M. Manuela
G-3654	Abascal González, Alberto
G-4605	Soares Diz, Alejandro
G-4606	Nogareda Mato, Ana María
G-4607	González López, Mónica
G-4608	Estévez Machado, Elena
G-4609	Juncal Rodríguez, Alejandra
G-4610	Vidal Andrés, Ana
G-4611	Moratal Ferrandis, Marta
G-4612	González García, María Jesús
G-4613	Fariña Sousa, Judith
G-4614	Vázquez Estévez, Tanit Pura
G-4615	Feijoo Primo, Sara
G-4616	Borrego Marcos, María Isabel
G-4617	García Cajide, María Purificación
G-4618	Sambade Santabaya, Leticia
G-4619	Rodríguez Álvarez, Marta
G-4620	Fernández Álvarez, Lucía
G-4621	Tabernero Dobaño, Iria
G-4622	García Cacho, Olga María

G-4623	Oro Pons, Aina
G-4624	Ledo Carballo, Ana Isabel
G-4625	Fernández Lemos, Sabela
G-4626	Rodríguez Airas, Javier
G-4627	Muñoz Fernández, María
G-4628	Mugica de Rivera, Ana Elena
G-4629	Gulluscio Arnal, Verónica
G-4630	Laiño Calo, Cristina
G-4631	Blaszkievicz Mera, Jessica
G-4632	Rodríguez Lago, Lucía
G-4633	Álvarez Lois, M ^a del Carmen
G-4634	San Martín Iglesias, Ana Belén
G-4635	García García, Sara
G-4636	Vázquez Pérez, Luis Fernando
G-4637	Seoane Moreira, Lorena
G-4638	Rodríguez Bertie, Aline
G-4639	Sar Candame, Graciela
G-4640	Ferreiro Candia, María
G-4641	López Vázquez, Luisa
G-4642	Díaz Díaz, Rubén



ASESORÍAS

XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com

FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]



O consentimento informado

O exercicio profesional da Psicoloxía ten como obxectivos “o benestar, a saúde, a calidade de vida...” (artigo 5 do Código Deontolóxico). A cuestión é quen decide que é o benestar, que é a saúde, que é a calidade de vida ¿É o Psicólogo? ¿É o cliente? ¿Ambos?.

Nos últimos anos a relación entre profesionais e clientes evolucionou desde o paternalismo á autonomía. Pasouse de traballar para conseguir o benestar dos clientes sen contar coa súa opinión, a traballar para que os clientes consideran que é o seu benestar. Agora pensase e acepta que os clientes son responsables da súa vida e, por tanto, deciden sobre ela e os profesionais responsables do seu traballo e, en consecuencia, deciden sobre el. Por tanto, ni o psicólogo pode decidir sobre a maneira de vivir que teña cada cliente, nin os clientes poden decidir sobre a forma de traballar do psicólogo/a.

Neste contexto de decisión compartidas xorde o concepto de “consentimento informado”, que non é un documento, senón unha conversación entre profesional e cliente no que o primeiro explica –informa– os diferentes pormenores da intervención psicolóxica que se propón aplicar e o segundo acepta –consente– a proposta do profesional. Nalgúns casos esta conversación é necesario plasmala nun documento escrito, que ambos asinan.

A Lei 41/2002 básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica (www.boe.es/boe/dias/2002/11/15/pdfs/A40126-40132.pdf), regula o consentimento informado no seu artigo 8 e indica que “será verbal por regra xeral. Sen embargo, prestarase por escrito nos seguintes casos: Intervención cirúrxica, procedementos diagnósticos e terapéuticos invasores e, en xeral, aplicación de procedementos que supoñen riscos ou inconvenientes de notoria e previsible repercusión negativa sobre a saúde do paciente”. Obviamente as intervencións psicolóxicas non son cirúrxicas, pero... ¿son invasoras? ¿supoñen riscos ou inconvenientes de notoria e previsible repercusión negativa sobre a saúde do paciente?.

Para os profesionais da Psicoloxía está fora de toda dúbida que cando a Lei di “saúde do paciente” non se refire só ao corpo. Por outra parte, non importa en cal dos ámbitos se exerza a psicoloxía –clínica, traballo, social, educativa, xurídica...– os diagnósticos e as intervencións afectan ao benestar dos implicados nelas e, por conseguinte, a súa saúde.

COMISIÓN DE
ÉTICA E
DEONTOLOXÍA



A sociedade chegou ao acordo de que “toda actuación no ámbito da saúde dun paciente necesita o consentimento libre e voluntario da persoa afectada, unha vez que, reciba a información (...) haxa valorado as opcións propias do caso”. (LAP, art. 8.1). Nun ano no que o lema deste Colexio é “Pola Ética” a Comisión de Ética e Deontoloxía invita aos colexiados e colexiadas a reflexionar sobre estas cuestións: ¿As intervencións psicolóxicas poden considerarse invasoras da intimidade dos clientes? ¿Supoñen algún risco para o seu benestar? ¿Son necesariamente beneficiosas? ¿En ocasións é previsible unha repercusión negativa? ¿Cándo é necesario elaborar un documento escrito para deixar constancia do que o profesional informa e do que o cliente acepta?

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos Cursos.

Podedes consultar os Cursos, Xornadas e Congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=1

VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

II SEMINARIO GALEGO DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Data: 29 de setembro de 2012

Lugar: Santiago de Compostela

Relatores: Rocío Fernández Ballesteros, Rosalía Fernández Gómez e Manuel Castro Bouzas

Organiza: Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG

CURSO “FORMACIÓN EN PSICOLOXÍA SANITARIA”

Datas: do 5 de outubro de 2012 ao 7 de xuño de 2013

Lugar: Santiago de Compostela

Docentes: José Eduardo Rodríguez Otero, Daniel Latorre Rodríguez, Raquel Espantoso San José, Isabel Figueroa Matallín, Mercedes Fernández Cabana, Ignacio Dopico González, Marta Bouzas Lameiro

Organiza: Sección de Psicoloxía Clínica do COPG



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

HORARIO

Inverno

De luns a xoves de 9.00 a 14.00 h
e de 16.00 a 21.00 h, e os venres
de 9.00 a 14.00 h

Verán

Do 1 de xuño ao 15 de xullo

De luns a venres de 8.00 a 15.00 h,
martes de 17.00 a 21.00 h

Do 16 de xullo ao 31 de agosto

De luns a venres de 8.00 a 15.00 h

Do 1 ao 30 de setembro

De luns a venres de 8.00 a 15.00 h,
martes de 17.00 a 21.00 h

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 | Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es | www.copgalicia.es

Membro da EFPA

Federación Europea de Asociaciones
Profesionales de Psicólogos